

A PONTE NOVA DE SOBRADELO (E OUTRAS PONTES)

Todos sabemos que houbo unha ponte romana chamada "Pontóbriga", "Pontóns" e outros nomes en Marabedís, lugar que queda augas abaixo do embalse de Pumares no río Sil, da que só quedan tres pilastras.

O que sempre ignoramos foi a data de construción da "Pontenova". Na "Voz de Galicia" do 18 de abril do presente ano 1993, Anxo Fernández de O Barco, publica o seguinte traballo de investigación segundo documentos que el posúe.


La primera referencia obtenida es de un documento cuyo encabezamiento es <<Acuerdo y regimiento sobre la Puente nueva, en la Villa del Castro de Valdiorres a veinte y dos días del mes de mil e quinientos e noventa e un año>>. Se trata de una fecha significativa porque hubo un encuentro de alcaldes.

Ese día se reúnen los alcaldes y regidores de las 5 fiudades en que estaban dividida Valdeorras: <<Villanueva, Santamarina, Santo Esteban, Villamartín, Casoyo>>. Y esos alcaldes y regidores <<dixeron que por cuanto en esta Jurisdicción de Valdiorres tiene una puente (...) se hace cada año de

madera y por estar muy vaja la lleva el río (...) y lo que parece como que es muy necesaria para el mantenimiento de esta Jurisdicción y entrada a ella que es el principio de este Reyno de Galicia (...) porque es muy útil para la saca de Cino que en ella hay an acordado y acordaron que se aga allí una puente de madera sobre los pilares de piedra>>.

Otro documento fechado en O Castro el 17 de junio de 1591 figura con este encabezamiento: <<Traca y condiciones de la Puente Nueva de la obra de Cantería (...). Viendo la necesidad que esta jurisdicción tiene

que hacer una puente, la puente nueva acuerda para hacer y mandado poner y puesto cedulas en Monforte, Ponferrada, Villafranca y otras partes para quien la quisiese hacer en mas vajo precio y mandado la traca>>. Y continúa este do-



cumento: <<La dicha puente (...) ase de hacer un pilar inmediato a la lengua de agua del río Sil hacia Sobradelo, de muy buena forma e favricado con buena materia de arena e cal e piedra, e se a de rozar la peña y asentarle muy derecho e que quede bien justo e

metido dentro de la roca de la dicha peña e se a de hacer al nibel de cal, arena y muy buena pizarra labrada e sacaneada del Picón..>>.

La primera referencia de la persona interesada en realizar la obra se haya en un documento fechado en la Villa de O Castro el 18 de junio de 1591 y se trata de Juan González, carpintero, vecino de Villafranca. Pero hay otro documento titulado <<Escritura que hicieron los canteros de la puentenueva>>. La fecha es el 1 de mayo de 1592. En él comparecen además de los miembros del Concejo de Valdeorras: Juan de Sanmiguel, Juan de la Pedrosa y Gabriel de Palacios, maestros de cantería, residentes de Villafranca. Juan de Sanmiguel era de Galizano (Santander); Gabriel de Palacios, de Carriazo (Santander), en el municipio de Ribamontán y Juan de la Pedrosa, de Langre (Santander), de la antigua merindad de Trasmiera.

Otro personaje que sale en los documentos consultados es Juan de las Suertes, al que se refiere un pleito ante la Real Audiencia de S.M. entre los vecinos y <<concejo de Badiorres>>, sobre la Puentenueva y que lleva la fecha del 2 de mayo de 1592. <<De lo pedido por los vecinos y concejo de Valdiorres, dixerón que davan e dieron licencia a los dichos vecinos para que entre si pueden repartir los mil ducados en que de nuevo está rematada la obra de cantería y madera de la puente nueva: con que ante todas cosas agan noteficar este auto y lo por su parte pedido a Juan de las Suertes, cantero en que primero parece estava rematada la dicha obra por el señor Licenciado Francisco Arias Maldonado, oydor de este Reinado, a quien estava cometido el dicho remate>>.

Juan de las Suertes, el 10 de julio de 1592, aparece preso en la cárcel de Ponferrada y en contestación a la notificación de la Audiencia dice que <<él está preso de yr e hazer la obra como él está obligado>>.

Temos pois datas exactas da construción (1592) e da reconstrución despois da invasión francesa, 1822. Esta última coñecémola segundo un documento cedido por Sebastián Suárez, de Viloirá,

No pobo de Sobradelo, ó barrio de Abaixo, moita xente aínda lle chama "Ponte-Nova", nome que lle ven desde a construción da ponte.

"A Pontóriga" ("ou Pontóns", "Ponte-Aurea") é a ponte mais anterga de toda esta

comarca, da que só se conservan tres pilastras. A construción é da época dos romanos (dos primeiros séculos da nosa Era). En Sobradelo cerca da desembocadura do río Casoio, hai unha ponte romana, dun só arco, que está caendo, pois quedou deteriorada cando a riada do ano 1978. Preto do Colexio hai outra ponte, tamén romana, cerca da desembocadura do río Candís ; está bastante conservada.

Reproducimos a copia dunha transcripción do documento da reconstrución do arco de máis luz que está sobre o río Sil, facilitada por D. Tomás Terrón corresponsal de La Voz de Galicia.

La voladura del puente de Sobradelo sobre el Sil, ordenada por el abad de Casoio, Rvdo Don José de Quiroga y Uría, para evitar el paso de los franceses, tuvo lugar en enero de 1809. La utilización del puente perjudicaba enormemente los intereses de la villa de O Barco y ayuntamientos limítrofes. Su reconstrucción era, por tanto, necesaria y urgente, pero no fue posible asta el 25 de Mayo de 1822, poco después de ser estrenada la nueva provincia de Galicia con sede en Villafranca del Bierzo y que sólo estuvo vigente un año y ocho meses. Tan corto espacio de tiempo no fue óbice para que se acometiese obra de tal envergadura, tal como se demuestra con documento que ha sido facilitado por Sebastián Suárez, vecino de Viloirá y que transcribimos a continuación.


"Gobierno político de Villafranca. Convencida la Diputación provincial de Galicia de las razones de utilidad y conveniencia pública que han manifestado los ayuntamientos del Barco de Valdeorras y otros de aquel partido, acerca de la reedificación del Puente Nuevo sobre el Sil arruinado completamente, acordó en sesión de siete de Julio último, aprobar el contrato hecho sobre el citado ayuntamiento del Barco y los más que resultan del expediente que existe en esta Secretaría sobre tan interesante particular y al efecto se mandó se repartiesen entre aquellos la cantidad de los 8000 reales con destino a pagar los materiales y acarreos necesarios para la citada obra. Mas como se hallen dichos ayuntamientos y el Comisionado de Caminos en la imposibilidad de efectuarla por falta de maderas útiles, según expuso Dn. Santiago García como encargado del ayuntamiento de Sobradelo para auxiliar al Ingeniero Comisionado a esta Diputación Provincial en 21 del

presente, acordó ésta en 24 del mismo que con arreglo al artículo 172 de la Constitución, se la encargue a usted que siempre que no pueda proporcionarse madera útil para la construcción de dicha obra por un convenio amistoso, siendo ésta la absoluta necesidad para el público ningún particular pueda negarse a vender los árboles necesarios para la citada obra, siempre que hecha la correspondiente tasación por peritos, sea de

años.-25 de mayo de 1822.-Firmado.-Juan de Lasase y Murga.-Rubricado.-Sr. Alcalde Presidente del Ayuntamiento de Sobradelo.

NOTA ACLARATORIA

Desconocemos si el puente se reconstruyó primero con madera, dada la cantidad y calidad que de este material exigía y más tarde con piedra tal como se halla en la



Ponte de "A PONTORIGA"

Alzado augas arriba

Reconstrucción hipotética

actualidad.

Algo que también sorprende del escrito anterior, es que vaya dirigido al Alcalde Presidente del Ayuntamiento de Sobradelo, teniendo en cuenta que Sobradelo no ha sido nunca, de derecho, capitalidad del municipio.

Alumnos de 8º

pronto satisfecho su valor.

Lo que comunico a V. a fin de que poniéndose de acuerdo con el Ingeniero Comisionado y arreglándose en un todo al mencionado artículo y a lo acordado por la Diputación Provincial, disponga el que se proporcionen las maderas necesarias con tal que se hallen alojadas en el marco de ese Ayuntamiento, con el objeto de que no se entorpezca la construcción de una obra de tanta utilidad al bien público.-Dios guarde a V. muchos

Librería
MURCIEGO
Todo para o Colexio
Obxectos de agasallo
Revistas e prensa diaria
Rúa Marcelino Suárez O Barco

31 ANOS CELEBRANDO O DIA DAS LETRAS GALEGAS

Só un día no ano celébranse as “Letras Galegas” polo que o temos que aproveitar.

Este día especial ten o seu valor. Coidamos que debe servir de axuda para normaliza-lo galego. Moitas persoas non se dan conta do valor dunha lingua na comunidade; é unha mágoa. Non é xusto que haxa 364 días para as letras castelás e un só para as galegas. ¿Que é o que pasa? ¿É que teñen máis valor as “outras”? ¿Acaso son máis bonitas ou sinxelas?.

Sería bo que alguén puidese contestar a estas preguntas; pero coido que para iso haberá que esperar moito. ¿Ata cando?.

Xa dentro da curiosidade do tema, esta é a lista dos persoaxes ós que se lles adicou o día das letras galegas dende 1963 ata agora.

1963	Rosalía de Castro	1971	López Abente
1964	Castelao	1972	Valentín Lamas Carvajal
1965	Eduardo Pondal	1973	Lago González
1966	Francisco Añón	1974	X. V. Viqueira
1967	Curros Enríquez	1975	Pintos Villar
1968	Florentino López Cuevillas	1976	Ramón Cabanillas
1969	Antonio Noriega Varela	1977	A. Villar Ponte
1970	Marcial Valladares	1978	A. López Ferreiro
		1979	Manuel Antonio
		1980	Alfonso x “O Sabio”
		1981	Vicente Risco
		1982	Amado Carballo
		1983	Leiras Pulpeiro
		1984	Cotarelo Valledoe
		1985	A. Losada Dieguez
		1986	Iglesia Alvariño
		1987	Francisca Herrera Garrido
		1988	Otero Pedraio
		1989	Celso Emilio Ferreiro
		1990	Luis Pimentel
		1991	Alvaro Cunqueiro
		1992	Fermín Bouza Brey
		1993	Eduardo Blanco Amor

8º curso

SINDO

- MODA
- ZAPATERÍA
- LIBRERÍA

Sobradelo de V.

Tf. 33.50.28

EDUARDO BLANCO AMOR

Entre Auria e Arxentina

Este ano adícaselle o día das Letras galegas ó escritor ourensán Eduardo Blanco Amor.

Naceu en Ourense no ano 1900. Nesta cidade transcorre a súa infancia que polo visto foi triste, segundo lle comenta o noso autor nunha conversa a Víctor Fernández Freixanes.

-¿Como era esa nenez?

Triste, moi triste. Era un neno triste nun pobo triste: Ourense...

Como moitos galegos daquela época emigra á Arxentina de moi novo, onde desempeñou un importante papel político e cultural de carácter galeguista.

Antes da Guerra Civil do 36, exerceu en España como corresponsal do xornal "La Nación", que lle permitiu entrar en contacto cos membros da Xeración do 27, especialmente con García Lorca, ó que lle prologou "Seis poemas galegos".

A súa estancia en España conclúe en 1935 coa súa volta á Arxentina onde segue co seu traballo a prol do galeguismo.

Non volve a España ata pouco antes da súa morte, nun hotel de Vigo, o 2 de decembro de 1979.

A SÚA OBRA

POETA:

"Romances galegos", na liña hilozoista,

"Poemas en catro tempos" e "Cancioneiro", de temática variada.

NARRADOR:

"A esmorga", que para moitos é a mellor novela do escritor ourensán e, desde logo, unha das mellores novelas galegas de tódolos tempos, da que fai o guión en castelán para unha película que levará por título "La parranda".

"Xente ao lonxe", (ambientada no Ourense dos primeiros anos do noso século,) está chea de personaxes secundarios que presentan un amplo cadro da vida popular.

"Os biosbardos" que é unha colección de oito relatos tamén ambientada no Ourense de primeiros de século e narrados en primeira persoa.

AUTOR TEATRAL:

"Farsa para títeres" e "Teatro pra xente"

Non deberiamos esquecer a produción que en castelán ten Blanco Amor, mais hoxe só nos ocupa a súa produción galega. Podemos dicir de Blanco Amor, xa para rematar, que é un escritor polifacético e bilingüe que desde a mocidade gaña o seu pan coa pluma, sen deixar de explorar ningún eido principal do mundo literario, pois con maior ou menor éxito foi guionista cinematográfico, ensaísta, dramaturgo, periodista, poeta, narrador e novelista.

Alumnos 8º



ESTAR A DESGUSTO COA PROPIA LINGUA

Hoxe en día hai xente galega que está a desgusto con esta nosa lingua. Temos entendido que moita xente galega fai manifestacións en contra da ensinanza en galego.

Nós pensamos que é bo manter a nosa lingua intacta sen que a xente se meta cos galegos poñéndoos sempre como os "paletos de pobo".


Moita xente pensa que o galego é a lingua dos retrasados e por iso non a falan. Pero se es galego tes que estar orgulloso da túa lingua e non ser tan negativo como outras persoas.

O que si se debería facer son manifestacións para protexe-la lingua galega.

Tiñamos que facer como en Cataluña, que ademais de estar orgullosos da súa lingua a falan que dá gusto.

¡Non debemos ter vergoña da nosa lingua!

*Patricia Fidalgo
Beatriz Garcia
Nuria Lopez 7ºA*



O GALEGO ACTUAL

¿Como se atopa a nosa lingua actualmente?. O galego, pouco a pouco vaise perdendo; e está dándolle paso ó castelán.

Os escritores como Manuel Curros Enríquez, Rosalía de Castro, Álvaro Cunqueiro, e moitos máis, defendían a nosa lingua escribindo libros, e digo defendían, posto que naquela época estaba prohibido fala-lo galego.

Nós, non digo que empecemos a escribir para defendela, senón que debemos falala para que non se perda; e o máis importante, debemos sentirnos orgullosos dela.

-¿Que significa para nós a nosa lingua?

Para algúns, a única forma de poderse comunicar, pois non saben falar outro idioma.

Para outros, unha vergonza de ser de onde son, e de falar o que falan.

Sen embargo, hai o punto medio, e son as persoas que falan os dous; e empregan cada un, segundo o momento.

É bo recordar aqueles versos...

*Das flores, o toxo.
Dos mártirios a cruz
Das nacións, Galicia.
E das linguas, tu.*

Mª Eugenia Suárez Terrón 7º B

BANESTO


BANCO ESPAÑOL DE CRÉDITO S.A.

Aquí os seus cartos están na maior seguridade.

¡VEÑA XA!

COMERCIAL DISTRIBUIDORA VALDEORRESA

PRODUCTOS CÁRNICOS



*O BARCO DE VALDEORRAS
(OURENSE)*

Famila

Productos cárnicos

A CLASE NO PRIMEIRO DÍA DE CURSO

SEGURIDADE COLEXIAL

Hoxe era o noso primeiro día de clase, e todos atopabámonos ledos ó encontrarmos con tódolos nosos amigos.

Estabamos desexando que nos chamasen para entrar na clase que nos correspondía.

Ó entrar nela levamos unha grande desilusión porque era a mesma do ano pasado, aínda que, en certo modo, víase diferente. Estaba baleira e solitaria pois o único que había, eran as mesas, os mapas e algún libro que outro.

Meses atrás deixarámola limpa, hoxe estaba chea de po e algúns dos rapaces queixábanse; pero eu sei que de hoxe ata xuño os pupitres non volverán a ter tempo de mancharse.

Nós pensamos na seguridade escolar, pois nalgúns centros hai menos seguridade ca noutros, por exemplo, o noso colexio (que está fóra de Sobradelo), non ten ningún tipo de vixiancia.

Na nosa opinión o colexio tiña que estar mellor preparado, os aramos máis altos, cámaras ocultas para vixiar o que fan tanto os mestres coma os alumnos nas horas que permanecemos nel. Mandándolles a nosos pais esas cintas gravadas para que saiban o que facemos no colexio durante todo o día, e así evitar moitos problemas cos mestres.

Dicimos ou pensamos estas cousas porque a única vixiancia que temos é a dos mestres. Así eles tamén terían máis axuda por parte dos nosos pais.

Alumnos de 7ºB

Manoly, Maria Luisa, Elena e Sonia 8º



A FORMACIÓN DOS RAPACES NO COLEXIO

O colexio é un lugar onde a formación dos nenos e nenas que o compoñen, ten os seus pros e os seus contras.

A parte positiva : Os mestres ensinan e axudan ós rapaces a formarse psicolóxica e mentalmente.


Os profesores de diferentes signaturas, procuran que os seus alumnos sexan educados, e cando saian do centro poidan mostralo.

Nos primeiros anos os raparigos

todo o contrario.

Esto trae moi malas consecuencias; estudiamos menos, atendemos pouco, nos separamos dos nosos amigos, etc... Nunha palabra: prexudícanos.

Tamén observamos que no colexio sempre atopamos ó típico neno que só asiste ó centro porque o obrigan seus pais e por pensar que se ha divertir moito. Pero os que se divirten realmente son os que traballan.



conviven cos outros e aprenden moitas cousas. Despois mentres crecen, aprenden a facelas por si mesmos e a respectarse uns ós outros. Finalmente xa en oitavo, estamos preparados para saír do centro e segui-los estudos tendo en conta os puntos xa citados.

A parte negativa: No grupo os profesores por así dicir "tamén meten o fociño" (sen faltar). Eles pensan que cando nos cambian de sitio fan o correcto, pero é

A idade pola que pasamos é moi difícil (falamos entre 13 e 16 anos) polo que cometemos moitos erros. Só a xente intelixente e bondadosa saberá perdoarnos.

Lorena, Silvia, Yasmina 8º.


O PELEGRIN, O LOGOTIPO E O ANO XACOBEO 93

Este ano Xacobeo, temos como mascota, "O Pelegrín", que é a máscara que representa esquematicamente, en deseño moderno, o peregrino tradicional, que dende hai máis de mil anos percorre "Os camiños" que o conducen a Santiago.



Está inspirado no peregrino francés pola súa indumentaria (Jacquet).

Na súa cabeza ten o sombreiro de ala levantada; cubre o corpo cunha túnica e sobre ela unha "esclavina", ou capa curta; na man dereita leva unha especie de caxata da que colga unha cabaza, onde reservaba a bebida para a viaxe.



O LOGOTIPO 93 expresa a cifra "93", que corresponde o presente "Ano Santo", combinando a caxata dos peregrinos (que as veces tiñan unha "voluta" na parte superior, formando o número 9).

Colgada da caxata hai o contorno da cabaza que forma un 3.

Hai tamén neste "logotipo" dúas palabras, "Xacobeo" e "Galicia", que desinañan este "Ano Santo Xacobeo" e a nosa comunidade autónoma.

Vendo o que influe na cultura as peregrinacións, a UNESCO en 1985 declarou a Santiago "Patrimonio Universal da Humanidade", e o Consello de Europa, en 1987 recoñeceu o "Camiño de Santiago" como o "Primeiro Itinerario Cultural de Europa".


Beatriz, Rosa, Verónica e M^a Eugenia 7^o

O CAMIÑO DE SANTIAGO

A tradición di que Santiago o Maior Apóstolo de Cristo predicou o Evanxelio en España. O regresar a Xerusalén foi decapitado, por orde de Herodes, sobre o ano 42 e, despois, o seu corpo foi trasladado por mar polos seus discípulos, que chegaron ata as costas de Galicia, pola ría de Arousa e polo río Ulla, Camiño de Compostela onde se veneran os seus restos. Esta é A Ruta Xacobeo do mar de Arousa e do río Ulla.

Os restos do apóstolo non foron descubertos ata o século XI (813) no reinado de Alfonso II sendo bispo de Santiago Teodomiro.

Desde entón Santiago de Compostela converteuse no centro importante de peregrinación sendo a súa meta Santiago por distintos camiños. Ademais da ruta anterior (da ría de Arousa, Ulla) había outros, o camiño Francés, a vía da Prata, o camiño



Portugués, o camiño do Norte...Xa en Santiago, había sete portas; os peregrinos entraban pola porta do Camiño.

O Camiño Francés saía dende Francia por vías diferentes e en España entraban por Somport e Roncesvalles, uníndose cos peregrinos españois en "Puente la Reina" e desde aquí ata Santiago facíanse moitas xornadas que pasaban polas comunidades de Aragón, Navarra, Rioja, León, Asturias, ata chegar a Galicia.

No percorrido do "Camiño" construíronse edificios de todo tipo: hospitais, pontes, igrexas, pousadas, para o servizo dos peregrinos, neles hai os mellores exemplos de arte románica española.

O "Codex Calixtinus" feito daquela polo Papa Calixto II, é unha especie de "guía" para o peregrino, onde se lle indicaba as xornadas principais que ía percorrer e as vestimentas.

Alumnos de 7^o A

A CUESTIÓN É POÑER OU NON A XORNADA CONTINUA

Uns opina que poñe-la xornada continua, e outros que non porque non queren aguartarnos ¿Que sucedera?

Esta noticia trata sobre as clases que duran seis horas, é dicir, de oito e media a dúas e media, para que nós teñamos máis tempo de estudar e de xogar. Vexo algúns inconvenientes: Temos que madrugar moito, os recreos serán moi curtos para descansar, e será difícil acostumarnos a ese horario. Por outra parte cando saiamos de clase estaremos moito tempo pegados á televisión, porque a min pásame cando teño clase única e esquezo face los deberes.

Eu a verdade son máis favorable do non que do si, pero tamén me gusta te-las tardes libres aínda que as veces me aburra. E tamén cando sexa maior e vaia a estudar fóra, viríame ben para ter máis tempo de facer todo.

Non creo que todo iso vaia ser posible xa que os que votan son os pais e eles non queren para que nós non lles dámo-la lata, e tamén porque hai algúns pais que traballan e non queren que os fillos estean só na casa.

Verónica Tato 7º

¡VAIA COMENZO!

¡Ola! eu son unha simple e sinxela tixola. Si, si, na que se friten os ovos, as costelas e todas esas cousas tan ricas que se fan en min.

Quero contarvos o que me aconteceu o día que me mercaron.


Eu estaba tranquilamente na tenda observando á xente pasar pola rúa, cando de súpeto me collen e empaquetanme cun papel de moitas cores; non podía nin respirar.

Pronto cheguei a un sitio, non sabía onde. Pousáronme. De alí a un rato desenvolvéronme e unha señora comezou a berrar: ¡"Graciñas, graciñas"!.

Cando rematou o escándalo, botáronme graxa, puxéronme ó lume e pronto comecei a suar, ¡vaia calor!. Botáronme un ovo, eu seguía a suar, xa tiña queimaduras por todas partes, saíronme ampolas e proían, caramba.

Isto non é todo, de alí a un rato colléronme, botáronme auga fría e logo xabón e comezaron a frotar cun duro estropallo de arame, tiña unha cotra e arrincáronma. Logo tiráronme ó chan, o mellor foi sen querer, pero non o sei. Por último metéronme nun armario cheo de lixo e aquí estou.

Tódolos días me sacan para fritti-los ovos. *Beatriz García López 7º*



Panadería FERNÁNDEZ

Empanadas, bicas, magdalenas y pan centeno

TELÉFONO: 33-51-52

SOBRADELO DE VALDEORRAS

Partes dunha noticia

O axente Casimiro Gil detivo unha vaca por interrupción de tráfico.

**¡EXTRAORDINARIO!
:A VACA MARIANA
CONMOCIONA A TODA
ESPAÑA.**

O escándalo tivo lugar na cidade de Ourense.


Ourense (por Maesoma Vidal, corresponsal de "El Fisgón"). A primeira vaca procedente de Texas provoca un escándalo público na cidade citada. As 12 do mediodía varios atascos. Era un xoves como outro calquera no que a xente estaba a facer as súas tarefas coma tódolos días. Todo sucedeu cando varias chamadas á comisaría afirmaban que viran unha vaca conducindo un coche, pero iso non é todo, tamén a viron nunha zapatería probándose uns zapatos e mais un vestido e ó sair da tenda dirixiuse ó pub "El Bailarín".

Según investigacións de fontes policiais o que conducía o coche era un home de dous centímetros que traía a vaca dende Texas, cando se viu rodeada de policías agachouse na tenda; e como viu que na tenda non estaba segura dirixiuse o pub, isto explica o todo.

Unha vez collida levárona o cárcere e intentaron localizar o que a trouxo de Texas, pero non o atoparon :

¿¿Onde estará o extraño?!

Sonia, M^a Luisa, Elena e Manoly 8^o



O SONO

Unha noite, que non había luz, prendín unha vela e púxenme a ler un libriño dos meus antergos. Contaba que nesa mesma, no ano 1842 vivía o enterrador, do pobo e que estaba o lado dun gran campo Santo. Cando acabei de lelo quedeime durmido. So recordo que o meu sono foi o seguinte:

Unha noite como moitas eu recordei o pasado, fun ó ano no que se escribira o libro, é dicir no ano 1942 e, precisamente e para mal, que xusto quedei no medio do campo santo .; Va! encontrei a saída como puiden e fun a dar miña casa onde eu ía nacer e crecer. Petei na porta e saíu o enterrador, eu pensei que estaba tolo, porque empezou a medirme de alto e de ancho, e logo dixó: "ataúde de solteiro, viúvo ou de matrimonio". Eu dixen: "¿pois que diferencia hai?". Contestoume: "son iguais os de solteiro e viúvo pero o de matrimonio e de dúas prazas" Entrei e meteume nun armario, berrei ata que quedei mudo, logo veu o fillo do enterrador cunha machada, ía rezando todo o que sabía porque mo mandara.

-Reza todo o que saibas porque vas ver o que é quedar sen mans. Eu xa estaba para mudar de calzóns e cando chego, vexo un madeiro como o que se utiliza para cortar carne e outras cousas .Xa non podía máis.

Cando me ía corta-las mans sinto unha dor moi forte e vexo que empezo a sangrar. De súpeto esperto e vexo un home vestido de negro e cun machado, era... meu pai que quería que fomos cortar leña.

Roberto 7º

NAS ALTURAS TRABALLANDO


"Todo o día nas alturas". "Xa estou farto deste traballo", "é tan arriscado..." "Por un pé que poña mal xa pode morrer", "e estas trabes que estou a poñer..." "O sol quente demasiado e trago o fume das

chemineas e toda a contaminación da cidade, claro que tamén é porque estou moi alto".

"Encima esta mañá cando cheguei ó traballo o xefe botoume a bronca porque onte non o rematei; como el non ten que subir aquí arriba..., pensa que un pode estar correndo para atrás e para adiante; ¡pois non!, isto hai que facelo a modiño, ¡non imos arrisca-la vida por correr!. Pero ¿que se pensa este home?. Que suba el aquí arriba en vez de estar sentadiño na oficina todo o día".

"Hoxe caleime pero mañá... quéixome a quen faga falta como rosme outra vez, pois si que... so faltaba, isto sería o último, e máis lle vale que non volva a meterse comigo e con ningún dos meus compañeiros".

Aintzane Cuadra 7ºA



AMARGURA

Estou amargado, suspendo tres asignaturas con moi baixa nota e castíganme sen saír-los domingos á discoteca. Encima deixoume a noiva prantado por outro.

O meu pai hoxe rompeu unha perna ó caer pola escaleira abaixo, e descargou o seu enfado contra min. Para máis, teño a moto pinchada e non podó saír.

¿Non é isto AMARGURA?

Juan Ricardo Tato Vidal 7º



JOSÉ ANTONIO PRADA NUÑEZ

*Electrodomésticos
*Objetos de regalo
*Muebles

Carretera de Éntoma
Sobradelo de V.

AVELESA

MATADERO INDUSTRIAL DE AVES Nº 10. 698

TELEFS. 22 96 72 -23 27 00

SAN ANDRÉS DEL RABANEDO

(LEON)

¿Que é a paz?

E un Soño desexado por todos,
unha luz que brilla no ceo,
tan difícil de acadar
tan difícil, que ata dá medo.

Eu soñara cun mundo novo,
onde non houberse guerras,
onde todos fosemos un gran pobo,
onde só houberse caras ledas.

Sen saír de España,
sen saír de Galicia,
aquí mesmo en Valdeorras
abunda a cobiza.

Unha rosa murcha, que se seca,
un sol que pouco a pouco se apaga,
que será do noso mundo,
se a paz se matara.

M^a Eugenia 7^o

Á miña ventá chamou
a pomba da paz
e unha mensaxe levou
a toda humanidade.

Loitemos sen cesar
ata encontrar a paz
pidamos ó rezar
que deixen de matar.

Esquecer o rancor
para que haxa máis amor,
unamo-las nosas mans
porque somos irmáns.

Todos unidos con forza
lograremos chegar á meta
que un bo día o intentamos,
pero de súpeto o abandonamos.

Nieves Sánchez Moral 7^o

O OUTONO

Outono pintoresco,
paisaxes belas hai;
parellas namoradas,
que saen a pasear.

As árbores espidas,
póñense a aletargar.
Xa chega o frío inverno,
ímonos abrigar.

A ESCOLA

A escola, inferno ardente,
onde o demo é o mestre.

E o cárcere dos rapaces,
pois de comida, as Mates;
e de postre a Linguaxe.

Teñen regras moi estrictas,
nin tele, nin visitas.

Na escola non podes falar,
nin o chicle podes comer;
se non o cumpres de copias haste fartar.

A PRAIA

O mar cos seus ventos suaves,
ondiñas que veñen e van;
nas rochas pousadas están as aves;
ollando para as xentes do mar.

O mar, calmo ou bravo,
bandeira vermella ou verde,
e alá lonxe no cabo,
están as mariñeiros coa súa rede.

M^a Eugenia 7^o

A POMBA DESEXADA

Eu vin unha pomba branca
na claridade do día
voaba, voaba e voaba
e non parecía perdida.

Coa súa ramiña no pico
semellaba un anxo da garda
¡Ai! ¡que pomba tan fermosa,
nesta terra desconsolada!


Aquí acaba o meu desexo
que xa sabedes cal é,
espero que se cumpra
para poder vivir ben.

O OUTONO

O outono é frío,
cheo de follas está
dixéronme os paxaros
que van emigrar.

Os paxaros voan, voan
cara o sur tentando
atopar un sitio
onde se quentar.

Rosa M^a Pérez Vidal 7^o



LABOR PERIODÍSTICA EN VIRGEN DE LOS MILAGROS (VALDEGODOS)

Fabiola Leyva Martínez es una granadina de 71 años de edad que colabora en la revista "Valdegodos en Valdeorras".

Vino a vivir a este centro con su marido en octubre del año pasado. Estudió Filosofía y Letras y aunque siempre sintió gran atracción por el periodismo, no pudo ejercerlo.

Ahora esa ilusión de juventud se ha hecho realidad y Fabiola quiere que todos los ancianos del centro colaboren con ella en esta revista.


Mantiene la esperanza creyendo que nunca es tarde para emprender la iniciativa, siempre y cuando se haga con ilusión.

Es ya habitual en los actos políticos y culturales que acontecen en Villamartín. Su atenta dedicación a ello hace de ella una informadora más de la zona y le gustaría que se unieran todos los demás jubilados de la residencia.

Ella y su marido, se inclinaron por la comarca de Valdeorras (concretamente en la residencia de Valdegodos) a pesar de haber vivido todo este tiempo en la localidad madrileña de Torrelodones. Esta no era una comarca desconocida para ellos, si no todo lo contrario ya que de vez en cuando se trasladaban para visitar a su madre que estaba en este centro.

En nuestra opinión está muy bien lo que ha hecho ya que todos debemos tener la oportunidad de realizar hasta los más pequeños sueños.

Lorena, Silvia, Jaime, Yasmina y Sonia 8º



LOPE DE VEGA

Nació y murió en Madrid (1562-1635). Se alistó en "La invencible" que combatió contra la escuadra inglesa. Mantuvo amores con varias mujeres, que dejaron honda huella en sus obras.



En 1613, viudo por segunda vez, se ordenó sacerdote. Aunque escribió algunas obras narrativas, Lope de Vega fue, sobre todo, gran lírico y extraordinario autor dramático.

COMO POETA LÍRICO: Fue uno de los mayores de todos los tiempos. Desarrolló fundamentalmente temas autobiográficos, más o menos transfigurados.

Son famosos sus libros "Rimas" "Rimas sacras" y "Rimas humanas y divinas del licenciado Tomé de Burguielos".

COMO ÉPICO: Es excelente "El Isidro" (Vida de este santo madrileño).

Pero aún es mayor su gloria como autor dramático. Creó la "Comedia española": Un tipo de obra teatral distinta de las seguidas hasta entonces en el que se unen valores literarios, dramáticos y populares, que las gentes aceptaron con entusiasmo.

SU OBRA DRAMÁTICA: En su teatro, Lope de Vega reflejó los anhelos, los problemas y los ideales de su pueblo, sirviéndolo fielmente.

Escribió unas mil quinientas comedias de las que solo se conservan unas cuatrocientas: "El mejor alcalde, el rey", "Fuente Ovejuna", "El Caballero de Olmedo", "Peribáñez y el Comendador de Ocaña", "El castigo sin venganza",...

Óscar G., Roberto, Víctor, Alberto, Leoncio, Óscar R. 8º

LA LLEGADA DE LA TELEVISIÓN

La televisión, es un sistema de transmisión y reproducción simultánea de sonidos y de imágenes en movimiento por medio de las ondas electromagnéticas.

Con la invención de la televisión, se produce un gran cambio en la sociedad; de forma positiva y de forma negativa.

-De forma positiva-

-Con la emisión de programas culturales, que hacen que los televidentes puedan conocer los diversos aspectos del saber; como la geografía, la historia, las matemáticas...etc.

-Al emitir informativos; la población conoce las noticias de diferentes tipos, a veces cuando éstas se están produciendo (por ejemplo en la Guerra del Golfo).

-También algunos programas infantiles que, además de divertir a la juventud, ayudan a los más pequeños a aprender a contar, los colores, la pronunciación de las palabras...etc.

Programas como el famoso "Barrio Sésamo" y como no, también "Los Mundos de Yupy".

-De forma negativa-

Con la invención del televisor, se pierden muchas cosas dentro del entorno familiar:

-Por causa de la televisión; después de cenar, ya no se juega a las cartas, ni al dominó, ni los abuelos cuentan leyendas o historias de cuando ellos estuvieron en la guerra.

-Cada vez se hace menos vida familiar; puesto que el padre se va a ver el partido de turno, la madre la telenovela, que hoy está muy interesante y los niños ven más dibujos.

-Otra cosa muy importante, es que los dibujos que ponen en la televisión son de masiado violentos, pero aún así a los chicos les encantan de manera que al final acaban siendo niños agresivos.

-También hay quien opina, que echan películas no aptas para menores a horarios en que ellos pueden ver la televisión.

-Yo expongo todo esto para que uno tome una libre opinión sobre la televisión, en mi caso diría que la televisión es buena cuando no se ve durante mucho tiempo y, además, sabiendo elegir la programación adecuada.

M^a. Eugenia Suárez Terrón.

CENTRAL LECHERA ASTURIANA

Sdad. Agraria de Transformación n.º471

GRANDA - Siero (Asturias)

Apdo. 723 - 33080 OVIEDO

Teléfono (prefijo 98) 510 11 00

TELEGRAMAS CLAS (Oviedo)

LA SEMANA SANTA LA VACA ACRÓBATA

Semana Santa en la liturgia católica, es la que precede a la Pascua de Resurrección y en la cual se evoca y conmemora la entrada de Jesús de Jerusalén (domingo de Ramos) ; la Pasión de Cristo ; la institución de la Eucaristía (Jueves Santo) ; la Crucifixión y muerte de Jesús (Viernes y Sábado) y su Resurrección (domingo siguiente al de Ramos) domingo de Pascua .

La Iglesia católica celebra en esos días importantes manifestaciones religiosas (oficios ,sermones ,procesiones);muchos de las cuales han adquirido en determinados lugares de España un carácter popular ytradicional (tal es el caso de la Semana Santa de Sevilla) que atrae no sólo a los fieles devotos sino a la multitud de curiosos y espectadores.

El memorial de la muerte de Jesucristo por nosotros lo celebramos en Semana Santa .

Durante toda la semana , las gentes acuden con devoción a procesiones y demás actos religiosos , para demostrar su fé por la muerte y pasión de Jesús.

Karina Arias 6º

Hace cientos de años en pueblo llamado "Almo" vivía una familia pobre que tenía siete hijos, y una vaca muy vieja, que no le daba leche.

Como no tenían nada más que la vaca y ésta esta no le daba leche, el padre decidió venderla para sacar algo de dinero y poder alimentar a su familia.

Cuando fue a buscar la vaca al mercado a vender, apareció muerta. La familia se quedó muy disgustada porque ahora ya no tenía nada.

Al día siguiente, muy temprano, uno de los hijos, decidió ir a buscar trabajo a la casa de don Julio, el médico del pueblo. Pero sus planes no salieron como el había pensado, ya que don Julio no le quiso dar trabajo. Pero su sorpresa fue que al llegar a su casa, vio en el establo una vaca pequeña vaca y gorda y pensó para él:

Si se cría bien esta vaca, de mayor, dará mucha leche y nos podremos alimentar sin pasar hambre.

De nuevo la sorpresa al ver que la vaca , pero si hacer muchas acrobacias entonces uno de los hijos dijo:

-¿Por que no montamos un número de circo?, así nos podremos hacer ricos muy pronto.

La familia hizo lo que él había dicho. Pasaron dos meses y la familia no volvió a pasar hambre, gracias a la vaca famosa, que acudió a muchos circos, haciendo sus acrobacias y como nombre le pusieron "LA VACA ACROBATA".

Gelines Teixeira, Rosalía Sánchez y Karina Arias.

¡XA ESTOU FARTA...!

Xa estou farta destas guerra
maldito o día en que apareceron,
pois estragan moitas vidas
moita xentes que morreron.

¿Non será mellor a paz?
¡rexeitemos as liortas!
as envexas, os insultos,
os racismos e as xenofobias.

Pola miña parte quero a paz
e espero que vos tamén,
que levante a man o primeiro rapaz
que algún día non odiou a alguén.

Aínda estamos a tempo
para para-las malditas guerras
unidos a min todos
para loitar contra as desfeitas.

Beatriz García 7º.

Un día no cine

Hace unos días fuimos a ver una película y se titulaba "La Bella y La Bestia" y era muy bonita.

Y yo estuve con una amiga y nos daba miedo, pero nos lo pasamos muy bien.

Noelia Ramos Murias. 2º.


La Bella y la Bestia.
Sw. ana 2º



La bella y la bestia

Erase una vez una película que se titulaba "La Bella y La Bestia. Erase una vez un palacio muy bonito. Y vivía un príncipe encantado. Lo había encantado una bruja malvada que lo había convertido en Bestia muy mala. En un pueblo había una chica muy guapa que se llamaba Bella. Y en el pueblo había un hombre muy presumido que se llamaba Gastón. Y estaba enamorado de la Bella. Un día Bella iba leyendo un libro por el pueblo y se encontró a Gastón. Al día siguiente fue a su casa y le dijo si se quería casar con él y la Bella le dijo que no y lo tiró a un pozo pequeño que había al lado de su casa. Y la Bella se fue a un castillo y allí había una Bestia. Y al final la bestia desencantó y volvió a ser un príncipe y se casaron y fueron muy felices.

Roberto Prieto 2º



Os traballos de primeiro

Teño tres ovellas.

Teño, Teño, Teño...

E ti non tes nada:


Teño tres ovellas nunha cabana

Un ha dame leite

outra dame lá

e outra manteiga


para a semana.



Noemi - 1º de Primaria.

David - 1º de Primaria.

En abril augas mil



PASATEMPOS

Le dijo el profesor a un alumno

-Juanito, dime dos pronombres

-¿Quién yo?

-¡muy bien!

¡Riinngg! ¡Riinngg!

-Oiga, ¿está el señor Rodríguez?

-No señor, además la "u" no se pronuncia

-Beno, pes celgo.

¡Riinngg! ¡Riinngg!

-¿Es el señor Marco?

-Sí

-Tengo un cuadro para usted

¡Riinngg! ¡Riinngg!

-¿Está el señor Ramón?

-No, señor, se ha ido al entierro

-¿Tardará mucho?

-¡Pues claro!, está en el cementerio...

¡Riinngg! ¡Riinngg!

-Viajes Iberia, ¿dígame?

-Por favor, ¿cuanto se tardará en llegar de Madrid a Barcelona en avión?

-Un momento -dijo la asistenta-

-Y la señora sin esperar una respuesta colgó al instante y dijo:

-¡Qué rápidos son los aviones de hoy en día!

Le preguntaba un maestro a Miguelito:

-¿Dónde murió Isabel La Católica?

Y un niño le sopló por detrás:

-¡En Medina del Campo, en el castillo de La Mota!

Miguelito no le entendió bien y respondió:

-En el medio del campo bailando la jota

Se encontraba una maestra hablando con una madre y le dijo:

-Su hijo hizo un examen muy bueno, solo le faltó un Continente. En aquel momento pasaba por allí una niña que le dijo:

-¿Continente? ¡Si Continente está en Ponferrada!

LOOK FOR TEN NAMES OF SPORTS HERE

A	B	C	D	E	F	G	H	I	U	K	L	M	N
B	T	R	U	N	N	I	N	G	O	P	B	L	O
C	S	H	G	T	I	L	E	T	A	R	A	K	P
D	K	A	L	B	A	Z	D	L	U	S	S	M	K
E	I	B	O	E	U	V	W	X	Y	Z	K	N	R
F	N	C	G	T	T	E	N	N	I	S	E	O	S
G	N	D	L	X	S	Y	V	U	V	L	T	T	T
H	G	E	Z	X	K	U	C	W	Y	Z	B	A	U
I	G	F	H	I	A	L	T	S	V	T	A	B	V
J	U	D	O	T	I	I	Z	X	Y	X	L	D	W
K	U	E	S	W	I	M	M	I	N	G	L	L	X
L	T	H	R	L	L	S	K	A	T	I	N	G	Y
M	F	O	O	T	B	A	L	L	I	N	E	S	Z
N	O	D	K	R	S	T	U	V	W	X	Y	Z	Z

By Iván Carretero 6º

LOOK FOR 18 ADJECTIVES IN THIS SOUPE

A	T	F	A	N	T	A	S	T	I	C	H	T	F	F
U	T	H	I	K	M	A	D	F	G	J	I	K	A	Z
I	N	T	E	R	E	S	T	I	N	G	M	J	V	T
L	J	H	O	B	O	R	I	N	G	T	H	I	O	V
L	R	I	T	C	D	E	R	Z	Z	T	F	U	T	X
J	R	R	P	P	S	U	E	T	X	Y	H	P	R	R
A	U	S	T	G	O	O	D	U	V	W	I	Z	I	C
F	S	T	Q	A	A	B	N	E	W	R	X	T	Y	L
E	C	Y	R	B	U	V	W	X	Y	Z	S	V	E	W
D	O	P	C	C	T	J	E	K	L	M	T	Ñ	O	S
P	S	O	P	Q	R	I	A	N	G	R	Y	T	U	A
S	B	D	E	F	G	H	S	P	Q	R	S	B	A	D
T	K	C	H	A	P	P	Y	B	E	F	G	H	I	J
U	W	W	A	B	C	D	I	F	F	I	C	U	L	T
H	U	N	G	R	Y	K	M	N	Ñ	O	P	Q	R	S

By Mª Manuela de Jesús 6º

CARTA A UN AMIGO

Querido amigo Miguel:

Somos un grupo de alumnos de 8º de E.X.B.do Colexio Público de Sobradelo de Valdeorras. Acabamos de le-lo seu libro "A Malvada María Xosé" e queremoslle da-las gracias por acordarse dos nenos de trece a quince anos, pois poucos autores hai que escriban libros para nós en galego; si, xa


sabemos que hai moitos, pero non tan divertidos coma vostede, pois mestura tódolos ingredientes que a nós nos gustan: comicidade, aventuras, amores, en fin... xa vostede nos entende.

O día que lle adicamos á lectura é os venres, e o saúdo que case sempre lle damos á mestra é: "Profe, hoxe tócanos ler".

Estes días andamos a face-lo noso xornal, por iso aproveitamos para incluír esta carta nel, e mal será que non se entere. Tamén lle propoñemos unha nova portada. Xa coñece o refrán, "non hai dúas sen tres". Esperamos máis libros seus.

Unha aperta.

Alumnos de 8º



Ilustracións: Alumnos 8º

MANTÉN A TÚA LINGUA

En Galicia a maioría da xente, fala galego pero nalgunhas ocasións botan man do castelán. Outras veces débese ó costume dende pequeno de non usa-la lingua adecuada por unha incorrecta mestura de castelán e galego e así a maioría das veces.

Para que iso non ocorra é necesario acostumarse a fala-la nosa lingua, espresarse e escribir en galego .

A nosa lingua herdámola dos nosos antepasados. Por iso mesmo temo-la obriga de MANTELA e ENRIQUEZELA cada vez máis.



Sonia e Elena.